

## É HORA DE CONCRETAR

**Dende o inicio da negociación do Convenio de Banca, CCOO advertimos de que a súa continuidade está en serio perigo por culpa da Reforma Laboral e pola actitude de AEB de identificar modernización con recorte de dereitos salariais e de condicións de traballo.**

O Convenio de Aforro empezou aínda peor, e aí segue. A patronal copiou todo o da AEB e ademais Bankia teima en xeneralizar a xornada partida. CCOO dixemos que así non hai Convenio posible e que só deixan dúas saídas: ou renuncia ás súas pretensións ou folga. A mobilización comezou con carteis e ocupacións en Bankia, denuncia na Audiencia Nacional, e segue con concentracións en sedes de Caixas e onte mesmo na CECA.

Como evolucionou a negociación en Banca? Antes do verán, moi mal. Despois conseguimos que AEB sentase a facer unha negociación real, explicada e con alternativas, en busca dun acordo de Convenio, e renunciando ao intento de imposición. De aí saíron múltiples reunións de traballo, as posicións están máis definidas, e coñecemos as marxes dunha parte e doutra.

Pero xa é hora de concretar. O Convenio vence, pola Reforma Laboral, o 19/12/2015, un ano desde a denuncia. As fórmulas de acordo poden ser complicadas, tanto desde o punto de vista técnico e xurídico, como sobre todo porque se pretenden introducir cambios importantes, que aínda necesitan de propostas concretas e negociación para atopar o acordo.

En consecuencia, na Mesa de hoxe CCOO propuxemos darnos tempo e á vez concretar as vimbias do Convenio. Na nosa opinión procede volver reunir á Mesa - decidiuse que sexa o próximo 1 decembro- e acordar:

- O incremento salarial para 2015, a pagar neste ano e con efectos do 1 de xaneiro. Propoñemos o 1,0%.
- A prórroga da vixencia do Convenio. Ata o 31 marzo 2016.
- Decidir un principio de acordo sobre as materias que poden configurar o Convenio. Na nosa opinión, ademais da salarial, hai que abordar un novo modelo de clasificación e de carreira profesional e un capítulo de emprego, ademais de precisións sobre saúde laboral, igualdade, ou introducir normas deontolóxicas da profesión. Non contemplamos variación nas percepcións de antigüidade, ampliar a mobilidade xeográfica ou xeneralizar a xornada partida.

**Seguimos traballando, seguiremos informando.**



**É tempo de avanzar  
É tempo dun bo convenio**